

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DÍA VINTE E SETE DE XULLO DE DOUS MIL DEZASETE.**

En Paradelas, a vinte e sete de xullo de 2017

No Salón de Sesións da Casa Consistorial, sendo as trece horas e catro minutos, reúnese en primeira convocatoria a Corporación Municipal en sesión ordinaria, baixo a Presidencia do Alcalde, D. José Manuel Mato Díaz e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- D<sup>a</sup> SONSOLES LÓPEZ IZQUIERDO
- D. GUILLERMO CASTRO GONZÁLEZ
- D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> MONTSERRAT MULET SAR, incorpórase á sesión ás 13:07 horas.
- D<sup>a</sup> ANA BELÉN LÓPEZ ÁLVAREZ
- D. MARTÍN LÓPEZ LÓPEZ
- D. BENJAMÍN LÓPEZ MATO
- D. MANUEL REGUEIRO LÓPEZ
- D. JESÚS PABLO LÓPEZ GONZÁLEZ

Asiste o Secretario-Interventor da Corporación, José López González, que da fe do acto.

A continuación procédese a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

**1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O PASADO VINTE E CINCO DE MAIO DE 2017.**

Polo Sr. Alcalde, que preside a sesión, procédese a preguntar aos demais membros da Corporación se teñen algo que obxectar á acta, da sesión ordinaria celebrada polo Pleno o día 25 de maio de 2017; da que as minutas foron distribuídas coa convocatoria, todo ao abeiro do disposto no art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Sometése a aprobación da acta, da sesión ordinaria celebrada polo Pleno o día 25 de maio de 2017. O resultado foi de aprobación pola unanimidade dos oito Concelleiros presentes nese intre na sesión, sendo nove o seu número legal de membros.

**2º. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIONS DE ALCALDÍA.**

Neste punto da orde do día, procedeuse a dar conta das distintas Resolucións de Alcaldía emitidas dende o derradeiro Pleno, postas a disposición dos concelleiros, xunto coa restante documentación sometida a exame plenario. (Dende o 2017-0072 ao 2017-0117).

O Pleno dase por enterado.

**3º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTA XERAL CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2016.**

Abre este punto da orde do día o Sr. Alcalde manifestando que a Conta foi

informada pola Comisión Especial de Contas, expúxose ao público no prazo legalmente establecido sen que houbera alegación algunha, quedando por parte da Corporación o trámite de aprobación, polo que se somete a mesma ao Pleno.

Sen que se produza debate algún e sometida a votación ordinaria, o Pleno por maioría absoluta cos seis votos a favor dos membros do Grupo Municipal Popular presentes nese intre na sesión e a abstención dos dous membros do Grupo Municipal Socialista; sendo nove o número legal de membros; acordou:

**PRIMEIRO.-** Aprobar a Conta Xeral correspondente ao exercicio 2.016 nos termos e coa documentación que consta no expediente.

**SEGUNDO.-** Render a Conta Xeral ao Consello de Contas de Galicia e ao Tribunal de Contas do Estado, nos termos previstos na normativa aplicable.

Neste intre, sendo as trece horas e sete minutos, incorpórase á sesión a Concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Monserrat Mulet Sar.

#### **4º.- APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO EN DOUS ÁMBITOS DO SOLO URBANO DE PACIOS.**

O Sr. Alcalde fai un breve resumo da proposta que consta a continuación no expediente co seguinte tenor literal:

*“Visto o acordo de aprobación provisional da Modificación Puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) para o cambio de ubicación dun ámbito destinado a equipamentos (Q-80) no solo urbano de Paradela para correxir erro que incorpora parte da superficie da parcela 27042A0100000780000GB (233,50 m<sup>2</sup> sobre os 1.425 m<sup>2</sup>) definido equivocadamente como un equipamento existente no PXOM, adoptado pola unanimidade da Corporación en sesión plenaria de data 26 de maio de 2016, douse traslado do expediente ao Servizo Provincial de Urbanismo onde informan da existencia de deficiencias que impiden resolver sobre a aprobación definitiva.*

*Durante o período de subsanación, conséntase a existencia dun segundo erro de ubicación dun ámbito destinado a equipamentos na mesma zona, polo que se decidiu iniciar o expediente e correxir as deficiencias.*

*Polo equipo redactor da Modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello en dous ámbitos do solo urbano de Pacios presentouse o borrador e o documento ambiental estratéxico, incorporándose a Resolución do 14 de xuño de 2017 con entrada no Rexistro do Concello en data 23 de xuño de 2017 (Rex. Núm. 609) da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, pola que se propón o non sometemento ao procedemento de avaliación ambiental extratéxica ordinaria da citada modificación, xunto cos informes da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo; do Instituto de Estudos do Territorio e da Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica.*

*Vistos os informes técnicos e xurídicos emitidos con carácter previo á aprobación inicial que constan no expediente, o Alcalde-Presidente, **PROPÓN** ao Pleno da Corporación:*

**PRIMEIRO.** *Que se aprobe inicialmente o proxecto da Modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello en dous ámbitos do solo urbano de Pacios nos termos que constan no expediente.*

**SEGUNDO.** *Que se abra un período de información pública por un prazo de dous meses, mediante un anuncio no Diario Oficial de Galicia e no xornal La Voz de Galicia.*

Durante ese período o expediente quedará á disposición de calquera que queira examinalo para que se presenten as alegacións que se consideren pertinentes.

**TERCEIRO.** Que se suspenda o outorgamento de licenzas naqueles ámbitos do territorio obxecto de planeamento cuxas novas determinacións supoñan a modificación da ordenación urbanística vixente. A duración da suspensión é de dous anos máximo contados desde a devandita aprobación, e, en calquera caso, extinguirase coa aprobación definitiva da modificación do planeamento.

As áreas afectadas pola suspensión son as seguintes:

- Quedan suspendidas as licenzas no ámbito identificado como Q-80 (plano 2) e a parcela de referencia catastral 7358302PH1375N0001FP.

Esta suspensión publicarase conxuntamente coa aprobación inicial.

**CUARTO.** Que se lles dea audiencia aos municipios limítrofes, simultaneamente e durante o mesmo prazo da información pública.

**QUINTO.** Que se soliciten, ao mesmo tempo que se realiza o trámite de información pública, os informes sectoriais preceptivos que tal e como consta no informe xurídico, de acordo co establecido no Anexo II do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia:

**A) Administración do Estado:**

- Informe da Delegación do Goberno en base á Disposición adicional segunda da Lei 13/2003, de 23 de maio, reguladora do contrato de concesión de obras públicas, artigo 5 da Lei 34/1998, de 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, artigo 5 da Lei 24/2013, de 26 de decembro, do sector eléctrico, e artigo 68 do Real decreto 1434/2002, de 27 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministro e procedementos de autorización de instalacións de gas natural.

- Informe de Confederación Hidrográfica: artigo 25.4 do RDL 1/2001, de 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de augas, e artigo 22.3 do RDL 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do solo e rehabilitación urbana.

- Informe do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo: art. 35 da Lei 9/2014, de 9 de maio, de Telecomunicacións.

**B) Administración Autonómica:**

- Informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural: artigo 34.2 da Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

- Informe de Augas de Galicia: artigo 39 da Lei 9/2010 do 4 de novembro de Augas de Galicia e artigo 43 da Lei 12/2014, de 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

- Informe da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental: artigo 47 da Lei 10/2008, de 3 de novembro, de residuos de Galicia, y artigo 46 da Lei 12/2014, de 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

- Informe da Dirección Xeral de Ordenación e Producción Forestal: artigo 66 da Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia, e artigo 44 da Lei 12/2014, de 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas e 39 da Lei 43/2003, de 21 de novembro, de montes.

- Informe Instituto de Estudos do Territorio: artigo 7 da Lei 7/2008, de 7 de xullo da paisaxe de Galicia, e artigo 47 da Lei 12/2014, de 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

- Remisión á Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, para que valore a necesidade de solicitar o Informe da Comisión Galega de Protección Civil: Disposición adicional quinta da Lei 5/2007, de 7 de maio, de emerxencias de Galicia.

**SEXTO.** Notificar o presente acordo á Consellería de Facenda segundo o artigo 101 da Lei 15/2011 de Patrimonio da Comunidade Autónoma e ao Ministerio de Economía e Facenda, Delegación Provincial, segundo o artigo 189 da Lei de Patrimonio e Administracións Públicas á consulta no procedemento de Avaliación Ambiental Estratéxica simplificada.

En Paradela, a 21 de xullo de 2017 O Alcalde en funcións, Asdo.: Martín López López. Documento asinado dixitalmente á marxe”.

Tanto a Voceira do Grupo Municipal do Partido Socialista D<sup>a</sup> Sonsoles López Izquierdo como o Sr. Alcalde poñen de manifesto que debería haber un procedemento máis sinxelo para poder subsanar erros de planeamento deste tipo; someténdose á votación a proposta, que resulta aprobada pola unanimidade dos nove Concelleiros (sete do Grupo Municipal do Partido Popular e dous do Grupo Municipal do Partido Socialista), sendo este o seu número legal de membros.

## **5º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTUACIÓNS ADMINISTRATIVAS AUTOMATIZADAS DO CONCELLO DE PARADELA.**

Por parte do Secretario-Interventor explícase que a finalidade destas actuacións automatizadas é lograr unha maior axilidade administrativa.

Consta no expediente a seguinte proposta de Alcaldía:

*“A Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público, prevé no seu artigo 41 que en caso de actuación automatizada deberá establecerse previamente o órgano ou órganos competentes, segundo os casos, para a definición das especificacións, programación, mantemento, supervisión e control de calidade e, no seu caso, auditoría do sistema de información e do seu código fonte. Asimesmo, indicárase o órgano que debe ser considerado responsable a efectos de impugnación.*

*O artigo 42 do mesmo texto legal prevé, para a identificación e autenticación do exercicio da competencia na actuación administrativa automatizada, a posibilidade de utilizar o selo electrónico de Administración pública, baseado en certificado electrónico recoñecido ou cualificado que reúna os requisitos esixidos pola lexislación de sinatura electrónica.*

*Por outra banda, o artigo 19 (vixente) do Real Decreto 1671/2009, de 4 de novembro, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns ós servizos públicos (derrogada) determina que a creación dos selos electrónicos realizaras mediante resolución do titular do organismo público competente, que se publicará na sede electrónica correspondente, regulando os datos que necesariamente deben figurar na resolución aprobatoria.*

*Procede en consecuencia dar cumprimento ó establecido no artigo 41 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector público, e de acordo co disposto no artigo 70 bis.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de réxime local e no uso das atribucións que me confiere o artigo 21.1 a) e s) da citada Lei 7/1985, de 2 de abril,*

*Polo exposto, proponse ao Pleno:*

**PRIMEIRO.-** Aprobación das actuacións administrativas automatizadas do Concello de Paradela.

### **1. Expedición dos recibos acreditativos da recepción dos documentos presentados no Rexistro do Concello.**

**Descrición do procedemento:** A recepción e a remisión de solicitudes dará lugar aos asentos correspondentes no Rexistro do Concello, utilizándose medios telemáticos seguros para a realización dos asentos e a recuperación dos datos de inscrición. O traslado aos interesados

do recibo de presentación dos escritos que deban motivar anotación no Rexistro realizárase, sempre que resulte posible, na mesma sesión na que se realice a presentación, de forma tal que se garanta plenamente a autenticidade, a integridade e o non repudio pola Administración do contido dos formularios presentados así como dos documentos anexos ós mesmos, proporcionando ós cidadáns os elementos probatorios plenos do feito da presentación e do contido da documentación presentada, susceptibles de utilización posterior independente, sen o concurso da Administración ou do propio Rexistro.

O Rexistro Electrónico emitirá automaticamente polo mesmo medio un acuse ou recibo asinado electronicamente con selado de tempo pola secretaría do Concello de Paradela, co seguinte contido:

- número ou código de rexistro individualizado.
- A data e hora de presentación.
- A identidade do presentador ou destinatario e, no seu caso, do representado, mediante nome e apelidos, documento nacional de identidade, NIF, NIE, pasaporte ou equivalente.
- Os datos introducidos no formulario de presentación.
- No seu caso, a enumeración e denominación dos documentos adxuntos ao formulario de presentación ou documento presentado.

O recibo de presentación indicará que o mesmo non prexulga a admisión definitiva do escrito si concorrera algunha das causas de rexeitamento. O sistema de información que soporta o Rexistro Electrónico garantirá a constancia de cada asunto de entrada que se practique e do seu contido.

## **2. Sinatura dos Documentos escaneados no Rexistro do Concello.**

Descrición do procedemento: A recepción de documentos en formato papel no Rexistro de Entradas do Concello haberá de ser escaneada na medida do posible.

Mediante a funcionalidade de Gestiona de dixitalización desatendida, no proceso de incorporación do documento escaneado á anotación rexistral, incluírase o selo de órgano do Concello, para acreditar o orixe do documento escaneado en correlación ao orixinal en papel.

## **3.- Expedición dos certificados de empadramento.**

Descrición do procedemento:

a.- O proceso iníciase coa solicitude presencial requirindo a comprobación da identidade da persoa solicitante e a introdución de datos no sistema de xestión do padrón polo persoal tramitador ao cal accede mediante clave de usuario e contrasinal, que expide de modo automatizado o certificado solicitado, que é asinado co selo electrónico do Concello asignándolle ao documento un código de validación (CV) para posibilitar a súa comprobación ulterior. O proceso termina coa posterior entrega do certificado solicitado, que pode ser expedición certificado de inscrición padroal, individual ou conxunto, segundo as modalidades establecidas:

Certificado padroal individual

Certificado padroal histórico individual.

b.- O proceso iníciase coa solicitude telemática, formulada mediante certificado dixital (ou medios de identificación electrónica que se establezan e que permitan verificar a identidade e acreditar a vontade e consentimento), que quedará rexistrada no rexistro electrónico do Concello. A continuación polo persoal tramitador que accede mediante clave de usuario e contrasinal, introduce os datos do solicitante no sistema de xestión do padrón, que expide de modo automatizado o certificado solicitado, que é asinado co selo electrónico do Concello, asignándolle ao documento un código de validación a fin de posibilitar a súa comprobación ulterior. O proceso termina coa posta a disposición na carpeta cidadá para a súa descarga pola persoa interesada.





## Concello de Paradela

**SEGUNDO.-** Os órganos competentes en relación coas actuacións administrativas automatizadas serán os seguintes:

Para a definición das especificacións ou detalle do procedemento de creación e emisión do certificado: Secretaría.

**TERCEIRO.-** Crear o seguinte selo electrónico, coas características seguintes:

Certificado de selo de órgano:

\* Organismo titular: Concello.

\* Tipo de certificado: Selo Electrónico - SHA256 - Nivel Medio Software.

Certificados X.509 versión 3, asinados co algoritmo sha1WithRSAEncryption pola CA de Camerfirma "AC Camerfirma AAPP" que é subordinada da CA raíz "Chambers of Commerce Root".

Máis info:  
<http://www.camerfirma.com/certificados/administraciones-publicas/sello-electronico-informacion/>

\* Servizo de verificación: o servizo OCSP ofrece información estandarizada RFC 2560 sobre o estado dun certificado dixital, é dicir, se o certificado consultado está activo ou revocado. Este servizo responde ás aplicacións cliente que realicen unha petición estandarizada e saiban interpretar a resposta.

O servizo de OCSP atópase dispoñible dende a dirección <http://ocsp.camerfirma.com>. A información do servizo tamén se especifica no propio certificado na extensión AIA (Authority Information Access).

- Dende a dirección <http://ocsp.camerfirma.com> respóndense ás peticións de estado de todos os certificados emitidos por Camerfirma.

- As respostas irán asinadas.

- O respondedor asinará a resposta cun certificado emitido ao servizo OCSP, pola mesma CA que emitiu o certificado de cliente a consultar.

- O servizo OCSP ofrécese de forma libre e gratuita.

**CUARTO.-** Os selos electrónicos poderán ser utilizados nos seguintes procesos de tramitación automatizada:

1.- Expedición dos recibos acreditativos de entrada e saída dos documentos no Rexistro.

2.- Sinatura dos documentos escaneados no Rexistro.

3.- Expedición dos certificados de empadronamento.

**QUINTO.-** O órgano responsable a efectos de impugnación será o Alcalde.

**SEXTO.-** O presente acordo publicarase no BOP de Lugo e na sede electrónica do Concello de Paradela.

En Paradela, a 21 de xullo de 2017. O Alcalde en funcións, Asdo.: Martín López López.  
Documento asinado dixitalmente á marxe".

Sometése a votación a proposta, que resulta aprobada pola unanimidade dos nove Concelleiros (sete do Grupo Municipal do Partido Popular e dous do Grupo Municipal do Partido Socialista), sendo este o seu número legal de membros.

**6º.- DACIÓN DE CONTA DA SENTENCIA 144/2017 DO XULGADO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO N.º 1 DE LUGO, RELATIVA A AO ACORDO, DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 9 DE XUÑO DE 2016, DE**

## **RECUPERACIÓN DE OFICIO, POR VÍA ADMINISTRATIVA, DA PARTE DO CAMIÑO PÚBLICO INDEBIDAMENTE OCUPADO A ALTURA DA VIVENDA SITA EN ANDREADE N.º 9.**

Neste punto da orde do día dase conta, por parte do Sr. Alcalde, da Sentencia 144/2017 do Xulgado Contencioso-Administrativo n.º 1 de Lugo, relativa a ao acordo, da Xunta de Goberno Local de 9 de xuño de 2016, de recuperación de oficio, por vía administrativa, da parte do camiño público indebidamente ocupado a altura da vivenda sita en Andreade n.º 9, relatando os antecedentes e o procedemento seguido polo Concello; polo que o Xulgado Contencioso-Administrativo desestima o recurso interposto por Dona Sara López Arias xa que se aprecia a concurrencia dos dous presupostos habilitantes para o exercicio da acción de recuperación: a titularidade municipal do camiño e a perturbación que xenera a actual configuración do escalón, impondo costas por importe de cen euros a parte demandante.

O Pleno dase por enterado.

### **7º.- MOCIÓNS, ROGOS E PREGUNTAS.**

Se ben se presentou polo Grupo Municipal Socialista unha Moción e unha pregunta con posterioridade a que o Pleno fose convocado, o Sr. Alcalde di que non hai inconveniente algún en tratalas agora, se ben di que é a MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA PARA INSTAR Á XUNTA DE GALICIA Á MELLORA E INCREMENTO ECONÓMICO DOS PLANS DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS é un tema tan manido, que só lle preocupa aos Concelleiros Socialistas para facer ruído porque dende principios do mes de xuño tanto na prensa como por outros medios están con este tema, ademáis a Xunta destina dezaseis millóns de euros para camiños e outros plans con fondos propios. Di asemade que sexa a Deputación quen reclame isto, daría para falar un día enteiro, cando dende o ano 2007 non se lle volveu a tocar a ningunha estrada provincial e as que se fan, fanse mal; así en Paradela hai arterias como a que une co Concello de O Páramo que tendo catro metros de ancho e sen visos de ancheala non fai máis que xerar problemas, ; antes partíase das vilas e pouco a pouco íanse facendo tramos e conservandoas; polo que pedir un esforzo a unha administración e a un organismo como é o AGADER que con fondos europeos e tamén con fondos propios está a levar axudas ás mulleres, empresas,... non é de recibo polo que lle imos dicir que non a súa moción.

O contido expositivo textual da Moción é o seguinte:

*“MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA PARA INSTAR Á XUNTA DE GALICIA Á MELLORA E INCREMENTO ECONÓMICO DOS PLANS DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS*

#### *EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:*

*Dende hai varios anos as axudas para a mellora de camiños de titularidade municipal aetéllanse a través da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER).*

*Este organismo dependente da Xunta de Galicia, encargado do fomento e coordinación do territorio rural galego, ven realizando un reparto obxectivo destas axudas en función dunha serie de criterios consensuados coa Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp).*

*Na aplicación dunha partida orzamentaria que procura como fin último a mellora das condicións de vida e traballo no medio rural a través da cohesión social e territorial, dende o Grupo Socialista atopamos varias **incoherencias de alto impacto:***



## Concello de Paradela

- **O importe total das axudas a repartir:** no ano 2017 tanto en Galicia como na provincia de Lugo atopámonos cun descenso do 61,71 € con respecto ao 2016. No Concello de Paradela, a redución das axudas é de 52.859,00 € (o 64,4 % menos que no 2016).

- **Que estas axudas se tramitan a través de Agader,** unha Axencia desprestixada por parte do goberno do Partido Popular ano tras ano, e que ten que recorrer aos seus escasos fondos propios para atender este plan, indica claramente a importancia que lle asigna a Xunta de Galicia ao noso medio rural.

Estes puntos aportan a claridade suficiente como para entender as prioridades no reparto de fondos que o goberno galego non ten acostumados: evitar os criterios obxectivos e equitativos en prol dun reparto clientelar.

Tendo en conta que moitos dos concellos da provincia de Lugo soamente reciben para a mellora de infraestruturas esta axuda por parte a Xunta de Galicia, dende o Grupo Municipal Socialista consideramos que un plan creado para facilitar a accesibilidade e vertebración do territorio a través da mellora de camiños, debería completar as medidas económicas suficientes como para atender de xeito coherente a situación actual do noso rural.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal Socialista, somete á consideración do Pleno da Corporación e aprobación se o considera, os seguintes:

### ACORDOS

1º) Instar á Xunta de Galicia para que incremente a contía das axudas correspondentes ao Plan de mellora de camiños municipais, asegurando a lo menos, e en cada anualidade (2017 e 2018), o mesmo importe das axudas concedidas en 2016.

2º) Instar á Xunta de Galicia a que en vindeiras anualidades atenda a capacidade orzamentaria deste plan dun xeito prioritario”.

Dona Sonsoles López Izquierdo, voceira do Grupo Municipal Socialista, di que agradece que se debata a Moción, pero que non coincide co argumentario que acaba de expor o Sr. Alcalde, porque este é o primerio pleno que hai en Paradela dende que se deu a coñecer este despropósito do Plan de Mellora de Camiños, porque un organismo con trinta e dous millóns de euros de orzamento, non vale que non hai fondos europeos, porque estanse deixando de percibir fondos europeos por unha mala xestión do goberno autonómico e os que hai destinaos a outros programas como Industria e Turismo e que se outorgan como se outorgan, xa que se asinaron trinta e dous convenios extraordinarios en vinte e un concellos dos cales dezanove están gobernados polo PP, o que demostra que cartos hai o que pasa e que se reparten da forma que lle interesa ao Partido Popular.

Continúa dicindo, que o AGADER destina para toda Galicia oito millóns de euros cando a Deputación de Lugo só co POS destina catro millóns a Provincia de Lugo.

Paradela recibiu polo PEIM no ano 2015 105.380 €; no ano 2016 case 82.000 € e no ano 2017 e 2018 29.000 € cada ano, o que supón un descenso do 65 %, polo que se ben se vendeu por Feijoo como a lexislatura do rural o que se fai é desviar os fondos do rural a outras áreas, tendo como resultado que Paradela perde moito, polo que a nosa postura é de xustiza e non podemos perder ese diñeiro, pero quizá vostede por lealdade partidista e porque está tranquilo xa que prevé asinar convenios ou recibir axudas como os 350.000 euros de Augas de Galicia para o abastecemento de auga de Cortes e Loio, é o que lle interesa e vota en contra da Moción.

O Sr. Alcalde, di que volvemos ao de sempre, agora sacan peito do POS e do Plan Único, cando hai poucos anos o Concello recibía dezasete mil euros do POS e vostede repartía corenta mil as comunidades veciñais; e correxiuse polo que se correxiu.





## Concello de Paradela

Reitera novamente o tema das estradas provinciais, poñendo de manifesto o estado da estrada de Paradela a Currelos entre outros e as necesidades que hai nas vías desta titularidade, recordando que nalgún ano a Deputación aportou o 25 % para o PEIM.

Toma a palabra Dona Sonsoles López Izquierdo, voceira do Grupo Municipal Socialista, dicindo que non se teñen porque sacar cartos para inversións que se realizan por criterios obxectivos para todos os concellos, polo que non entendemos que non apoie a moción.

O Sr. Alcalde, resposta dicindo que se están a incentivar e cubrir moitas necesidades do rural, no sector lácteo, na agricultura ecolóxica...; aí e onde se están a gastar os cartos, porque é a Xunta a que fixa as prioridades, por iso non apoiamos a moción.

A voceira do Grupo Municipal Socialista, di que evidentemente as prioridades as fixa a Xunta, pero nós nos estamos de acordo con elas. Por último di, que se queixan das vías provinciais, pero na Deputación tomamos a decisión e vamos a poñerlle solución destinando quince millóns de euros e vostede non quere poñerlle solución a falla de infraestruturas viarias que poderían arranxarse se as contías do PEIM foran as de anos anteriores.

A continuación, procédese á votación da Moción, que resulta rexeitada cos votos en contra dos sete membros do Grupo Municipal do Partido Popular, polos dous votos a favor do Grupo Municipal Socialista.

A continuación procedeuse a dar resposta á **pregunta formulada respecto da obra denominada “Acondicionamento y regeneración de caminos rurales en Paradela” (Obra 49/2016, do POS 2016)** respecto de se foron executadas en prazo, se se fixo algunha prórroga e porque no lugar de Paredes de Arriba, se solicita un trazado e despois se executa outro.

O Sr. Alcalde, resposta dicindo que a notificación do POS de 2016 produciuse a finais de xuño e o 17 de agosto xa estaba iniciado o expediente, asinándose o contrato o 26 de setembro de 2016, non iniciándose as obras xa que o 24 de outubro o director de obra emite un informe no que di que ao tratarse de emulsións asfálticas e debido as baixas temperaturas non se aconsella a execución da obras e como ata o 31 de outubro de 2017 se pode xustificar o Plan por iso se inciou en xuño deste ano; respecto do tramo de Paredes de Arriba hai un erro no plano non na medición, decatándonos do erro cando se procedeu ao replanteo.

Dona Sonsoles López Izquierdo, voceira do Grupo Municipal di que a xente contaba con estas obras no ano 2016 e o inverno non foi tan malo como para que non se poideran executar, ademáis di que falou co Servizo da Deputación que leva o POS, e o Concello debería enviar un plano coa realización da obra de Paredes de Arriba para xustificar o erro, e non que se solicite unha cousa e se xustifique outra.

**E non habendo máis asuntos que tratar, o Presidente levantou a sesión sendo as trece horas e cincuenta e un minutos do vinte e sete de xullo de dous mil dezasete, exténdose a presente acta da que coma Secretario-Interventor dou fe.**

**Visto e prace**

**O Alcalde**

**O Secretario-Interventor**



**Concello de  
Paradela**

**Documento asinado dixitalmente ao marxe**